XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 25 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do BNG contra a Xunta de Galicia e o Partido Popular de Galicia pola publicación en medios de comunicación, RRSS e web da XG de campañas publicitarias institucionais, continuidade e coincidencias entre ambas (doc. RE 309/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 22 de xaneiro de 2024, a representante xeral do Bloque Nacionalista Galego (BNG) formaliza unha denuncia a Xunta de Galicia e o Partido Popular pola publicación en medios de comunicación, RRSS e web da XG de campañas publicitarias institucionais, continuidade e coincidencias entre ambas (doc. RE 309/2024).

2. O 23 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias e á representante xeral do Partido Popular (RS 616/2024 e 617/2024, respectivamente) copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións. Destes traslados deuse coñecemento á representante xeral do Bloque Nacionalista Galego (RS 618/2024).

3. Cumprindo o trámite concedido, o 24 de xaneiro de 2024, formularon alegacións a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia (RE 321) e o Partido Popular (RE 322).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Neste caso a denuncia inclúe tres campañas publicitarias institucionais da Xunta de Galicia, que a continuación se enumeran:

1ª.- Amar Galicia.

2ª.- Viaxes gratis en autobús.

3ª.-Bono coidado no fogar.

En relación coa primeira delas: "*Amar Galicia*", esta Xunta electoral entende que debe enmarcarse no contexto do vertido dos pellets que chegaron ás praias galegas, polo que non pode estimar a fundamentación da denunciante xa que debe considerarse que a información difundida ten por clara finalidade tranquilizar á poboación e, igualmente, darlle confianza e seguridade en relación co consumo dos produtos galegos do mar; sen que, polo tanto, se aprecien connotacións electoralistas no desenvolvemento da mensaxe. Trátase, xa que logo, dunha campaña informativa de interese xeral (punto Cuarto. b) da Instrución 2/2011). A natureza da mensaxe institucional non queda desvirtuada polo feito de que a palabra *bulo* que se recolle no citado anuncio da Xunta, en concreto na frase: «Aliméntate de peixes e mariscos galego, non de bulos», figure nas redes sociais do Partido

Popular, xa que o feito da coincidencia desa palabra na campaña institucional e na dita rede social non supón que, automaticamente, se infrinxa a prohibición do artigo 50.2 dado que, por tratarse de fontes de información diferentes, non se induce a erro aos electores.

Segundo. Verbo da campaña titulada: "*Viaxes gratis en autobús*", en relación coa inserción dun anuncio no medio de comunicación La Región, esta Xunta electoral resolveu unha denuncia similar na que non advertiu que se puidese considerar como campaña de logros ou realizacións a difusión de información sobre o uso gratuíto do transporte público para maiores de 65 anos e, polo tanto, considérase conforme ao disposto no artigo 50 da LOREX e na Instrución 2/2011.

Terceiro. A derradeira, relativa á información que recolle na páxina web da Consellería de Política Social referida ao bono coidado no fogar, logo de analizada a información recollida na web e achegada pola denunciante, esta Xunta entende que a mensaxe limítase a informar sobre o modo de formalizar a solicitude para a súa percepción, en función da situación en que se atope a persoa dependente, sen que conteña expresións que eloxien o traballo realizado pola consellaría, polo que non cabe considerar que supoña unha campaña de logros nin que teña un contido electoralista contrrario ao recollido no artigo 50 da LOREX.

Consecuentemente, adóptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 9:15 horas do próximo día 28 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal